

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 26/11/2020 13:44:39

SAIDA 14868/20



Reclamante:
Expediente. Nº **RSCTG 107/2020**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por mediante escrito do 7 de outubro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito remitido polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 7 de outubro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Ourense, sobre a información recompilada e dispoñible sobre os membros do goberno municipal do dito Concello, en concreto a que figura no artigo 8 parágrafos f), g) e h) referidos a retribucións percibidas, autorizacións ou recoñecemento de compatibilidade e declaracións anuais de bens e actividades dos membros de goberno local.

O interesado comunica que se lle informou por vía telefónica que toda a información recompilada e dispoñible sobre os membros do goberno municipal do concello é a que figura na web, é coméntanlle que na súa solicitude non se recolle explicitamente a información sobre retribucións, compatibilidades e declaracións de actividades.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 20 de outubro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Oourol para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 6 de novembro de 2020 o Concello de Oourol contesta a petición remitindo a documentación remitida dende o concello de Oourol ao interesado, consistente en certificado de 2/1/2020 de dedicacións de membros da corporación municipal, certificado da mesma data no que se fai constar que [REDACTED] con data do vinte e un de outubro de dous mil dezanove presentou no Rexistro Xeral do concello escrito no que fai constar que debido ao seu novo cargo como concelleiro vese na obriga de dimitir do cargo de [REDACTED] por incompatibilidade, certificado no que se fai constar o réxime de gastos de locomoción, dietas e indemnizacións dos membros da corporación e certificado sobre asignación económica a grupos políticos municipais.

Cuarto.- Con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 5 de novembro de 2020, o interesado remite escrito no que informa que recibiu notificación do Concello de Oourol e que a mesma responde de forma incompleta á súa solicitude.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Ourense non respondeu en prazo á solicitude de acceso á información, remitindo información parcial unha vez que o interesado tiña presentada a reclamación ante a Comisión da Transparencia, polo que debe admitirse esta, por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

Como xa ten explicado esta comisión noutras resolucións, a publicidade activa e o dereito de acceso á información pública son dúas caras da mesma obriga de transparencia. As administracións locais galegas non están obrigadas á publicidade activa prevista no artigo 6 da Lei 1/2016, pero están obrigados á mesma de acordo co disposto no artigo 5 da Lei básica estatal 19/2013. Esta obriga consiste en que os titulares da información publicarán a información, de forma periódica e actualizada, cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública.

Pola súa banda o dereito de acceso á información pública é o dereito de toda persoa a acceder á información pública, entendéndose esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Por tanto, o legislador xa parte da base de que non todo ten porque estar publicado, e a partir da definición do que é información pública todas as persoas, se así o solicitan, poden ter

acceso aos contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013 e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións. O acceso só pode limitarse nos supostos previstos nos artigos 14 e 15 da citada norma, e en todo caso, previa xustificación ao obxecto e finalidade de protección, ou denegarse si existe algunha causa das establecidas no artigo 18 da Lei 19/2013.

No presente caso o interesado solicitou información sobre as retribucións percibidas, autorizacións ou recoñecemento de compatibilidade e declaracións anuais de bens e actividades dos membros de goberno local (que deben ser obxecto de publicidade activa de acordo co artigo 8 parágrafos f), g) e h) da Lei 19/2013), e remitíuselle unha documentación incompleta, consistente nun certificado dun acordo dunha Xunta de Goberno no que se recoñecen dúas dedicacións a membros da corporación, un certificado dun escrito presentado por un membro da corporación no que comunica que dimitte por incompatibilidade, dun posto de presidente dunha sociedade deportiva, e un certificado do réxime de gastos de locomoción, dietas e indemnizacións dos membros da corporación e certificado sobre asignación económica a grupos políticos municipais.

Por tanto, a información remitida ao interesado non é completa, xa que a solicitada polo interesado é a referente ás retribucións percibidas, autorizacións ou recoñecemento de compatibilidade e declaracións anuais de bens e actividades de todos os membros da Corporación Municipal. Debe por tanto remitírselle a información completa, debendo analizarse previamente a posible existencia de límites, en especial no referente á existencia de datos de carácter persoal e no caso de que só poida concederse parcialmente a información, debe sinalarse expresamente, e xustificarse e motivarse adecuadamente.

O Concello de Ouroi non resolveu a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 7 de outubro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Ouroi, sobre a información recompilada e dispoñible sobre os membros do goberno municipal do dito Concello.

Segundo: Instar ao Concello de Ourol, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Ourol a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,
Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.11.26 08:42:54 +01'00'
María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.